UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | 2023/24 | |
| Asignatura (*) | Investigación en Ocupación Humana e Determinantes Sociais da Saúde | Código | 653862314s | |
| Titulación | | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | 2º cuadrimestre | Primeiro | Optativa | 6 |
| Idioma | CastelánGalegoInglés | | | |
| Modalidade docente | Híbrida | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da SaúdeFisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas | | | |
| Coordinación | Viana Moldes, Ines | Correo electrónico | ines.viana@udc.es | |
| Profesorado | Miranda Duro, María del Carmen<br>Núñez Pérez, Antonio<br>Rivas Quarneti, Natalia Yanaina<br>Viana Moldes, Ines | Correo electrónico | carmen.miranda@udc.es<br>a.nunez@udc.es<br>natalia.rivas.quarneti@udc.es<br>ines.viana@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| 1. Favorecer o coñecemento sobre os diferentes conceptos e modelos de saúde. | AI3 | BI5<br>BI9 | CI4 |
| 2. Profundizar o coñecemento sobre os determinantes sociais da saúde e as súas implicacións sobre as ocupacións humanas. | AI1<br>AI3<br>AI5 | BI4<br>BI6<br>BI7<br>BI10 | CI7<br>CI9 |
| 3. Potenciar o deseño e o desenvolvemento de proxectos de investigación baseados nos determinantes sociais da salúde, acordes aos perfís ocupacionais do estudantado. | AI1<br>AI3<br>AI5 | BI1<br>BI2<br>BI3<br>BI4<br>BI5<br>BI8<br>BI9<br>BI10<br>BI12 | CI1<br>CI2<br>CI7<br>CI9 |
| 4. Impulsar o deseño e desenvolvemento de proxectos de investigación baseados na diversidade humana, acordes aos perfís ocupacionais do estudantado. | AI1<br>AI3 | BI6<br>BI7<br>BI9<br>BI11 | CI4<br>CI7 |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| CONTIDOS TEÓRICOS:<br>1. Aproximación á investigación na ocupación humana. | 1.1. Introducción e bases conceptuais da investigación na ocupación humana.<br>1.2. Introducción á ciencia ocupacional. |

| | |
|---|---|
| 2. Saúde. | 2.1. Conceptos e modelos de saúde. |
| 3. Determinantes sociais da salud, ODS, dereitos humanos e ocupacionais. Condicións de vida: socioeconómicas, culturais e medioambientais (contidos avanzados). | 3.1. Equidade desde o principio. Educación.<br>3.2. Contornos saudables: urbanos e rurais.<br>3.3. Prácticas xustas de emplego e traballo digno.<br>3.4. Protección social ao longo da vida.<br>3.5. Atención universal de saúde. |
| 4. Determinantes sociais da saúde, ODS, dereitos humanos e ocupacionais. Distribución desigual do poder, do diñeiro e dos recursos (contidos avanzados). | 4.1. Equidade sanitaria e políticas.<br>4.2. Financiación equitativa.<br>4.3. Responsabilidade de mercado.<br>4.4. Equidade de xénero.<br>4.5. Emancipación política.<br>4.6. Governanza mundial eficaz. |
| 5. Ocupación humana significativa | 5.1. Conectando: educación, práctica, xestión, investigación e ciudadanía. |
| CONTIDOS PRÁCTICOS:<br>1. Deseño e desenvolvemento de proxectos de investigación baseados nos determinantes sociais da saúde. | 1.1. Investigación na ocupación humana y ciencia ocupacional: aportes para a transformación de determinantes sociais da saúde. |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Análise de fontes documentais | A1 A5 B2 B4 B5 B8 B10 C1 C2 C7 | 4 | 35 | 39 |
| Proba mixta | B4 B8 B9 B10 B12 | 3 | 30 | 33 |
| Sesión maxistral | A3 A5 B8 B9 C4 | 8 | 20 | 28 |
| Aprendizaxe colaborativa | A3 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B11 C1 C4 C7 C9 | 15 | 30 | 45 |
| Atención personalizada | | 5 | 0 | 5 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Análise de fontes documentais | Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico. |
| Proba mixta | Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.<br>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. |
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.<br>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. |

| | |
|---|---|
| Aprendizaxe colaborativa | Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Aprendizaxe colaborativa | A atención personalizada farase mediante titorías individualizadas ou en grupo reducido (segundo as necesidades do alumnado), preferiblemente de maneira virtual, a través da aplicación Teams.<br>Estas titorías poderanse realizar de luns a venres, entre as 09:00 e as 19:00 h. Levaranse a cabo previa solicitude do estudantado interesado, ou a petición do profesorado da materia se o considera preciso, sendo programadas nun horario consensuado co equipo docente, que non interfira en ningún caso coa asistencia e participación do alumnado nas restantes materias do título en que estea matriculado.<br>Ademais, tamén se brindará atención personalizada mediante o correo electrónico, e a través dos foros ou a opción de mensaxe privada do Campus Virtual. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Aprendizaxe colaborativa | A3 B1 B3 B4 B5 B6 B7 B11 C1 C4 C7 C9 | Deseño e desenvolvemento de proxectos de investigación.<br>Proceso 60%, con 3 entregas no decorrer da materia.<br>20% Análise argumentado sobre o sistema de saúde<br>20% Análise argumentado sobre os determinantes sociais da saúde<br>20% Análise argumentado das ocupacións implicadas | 60 |
| Proba mixta | B4 B8 B9 B10 B12 | Proxectos de investigación e artigos relacionados aos determinantes sociais da saúde. Realizarase unha proba mixta na que o estudantado evidenciará o seu coñecemento e aplicabilidade en relación aos contidos traballados na materia. | 40 |

| Observacións avaliación |
|---|

O sistema de cualificacións expresarase mediante cualificación numérica acordo co establecido no art.º 5 do Real Decreto 1125/2003 do 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspenso 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente 9-10 Matrícula de Honra (Graciable).

Considerarase como ?Non presentado? (NP) aquel estudante que, estando matriculado nunha materia, non concorrese ás distintas actividades de avaliación que se establezan para o curso académico. En ausencia de regulación específica para cada titulación, considerarase que deberá ser cualificado como ?Non presentado?: a) cando non completase o proceso de avaliación continua, nas condicións que figuren na guía docente, ou b) cando non se presente á proba do período oficial de avaliación. A consideración de NP non consome convocatoria no número total de convocatorias que o estudante ten por materia.

Con carácter xeral, a avaliación das materias será continua ao longo do curso, sen prexuízo do indicado nas memorias de verificación da titulación. A cualificación final será consecuencia dos resultados globais obtidos en todas as actividades de avaliación. Como norma xeral incluirase unha actividade de avaliación para realizar nas datas establecidas no calendario académico oficial. Esta actividade tamén poderá establecerse como proba global de avaliación dos resultados de aprendizaxe ou, no seu caso, formar parte do proceso de avaliación continua. As guías docentes deberán establecer a ponderación das distintas actividades de avaliación e, no seu caso, da proba global, no marco que o centro puider establecer.

Se valorará a puntualidade e a asistencia obligatoria a todas las horas presenciales das metodoloxías establecidas na materia.

Para aprobar a materia, o alumno debe participar activamente nas metodoloxías propostas, entregar todos os traballos e ter superadas cada una das metodoloxías que conforman a asignatura. Ademais, será necesario ter unha calificación mínima de 2.5 (sobre 5) puntos na proba mixta, e só se terán en conta para a calificación final as notas das outras metodoloxías, se o/a alumna/a acada dita puntuación na proba mixta. En caso contrario, a nota da convocatoria corresponderá á nota obtida na proba mixta. As notas obtindas no resto de metodoloxías serán tidas en conta para a súa calificación na segunda oportunidade (xullo), no caso de telas aprobadas e superada a proba mixta.

Segundo a norma que regula o réxime de dedicacón ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña (aprobada no Consello de Goberno do 22/05/2012), cando un estudante teña recoñecida a súa condición de matrícula a tempo parcial, ten dereito a gozar dun réxime de asistencia a clase de carácter flexible e a solicitar a dispensa académica especial establecida no artigo 4 (apartado 5) de dita norma, en tanto non afecte negativamente ao proceso de avaliación do estudante. A ese efecto, as Comisións Académicas dos diferentes centros da UDC concretan o alcance da citada dispensa.

Por tanto, a concesión á solicitude de dita flexibilidade quedará á expensas da valoración e decisión da comisión académica do grao de Terapia Ocupacional, tendo en conta as metodoloxías e criterios de avaliación das materias".

Dacordo coa Normativa Disciplinar do estudantado da Universidade da Coruña, Aprobado polo Consello de Goberno do 27/02/2023 e modificado no seuartigo 11.4.b polo Consello de Goberno de 28/06/2023, de detectarse plaxio nos traballos dos estudantes,sendo considerado unha falta grave, a cualificación na convocatoria será de suspenso con valor numérico de 0.

Asemade, a docente responsable reserva a posibilidade de realizar algún cambio na avalación ou noutros aspectos da materia, que serán notificados ao estudantado coa suficiente antelación.

## Fontes de información

| | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | Barros, D. Operadores de saúde na área social, Rev. de TerapiaOcupacional da USP, São Paulo, vol. 1(1):11-16,1990. Carter,S.M.,& Little, M. (2007). Justifying knowledge, justifying method,takingaction: epistemologies, methodologies, and methods inqualitativeresearch. QualitativeHealth Research, 17(10),1316-1328.http://doi.org/10.1177/1049732307306927 Clare Hocking (2021) Occupation in context: A reflection on environmental influences on human doing, Journal of Occupational Science, 28:2, 221-234, DOI: 10.1080/14427591.2019.1708434 Durocher,E., Gibson, B. E., & Rappolt, S. (2014). Occupational Justice: A ConceptualReview. Journal of Occupational Science , 21 (4), 418-430.http://doi.org/10.1080/14427591.2013.775692 Farias L, Rudman DL, Magalhães L (2016). Illustrating theImportance of Critical Epistemology to Realize the Promise of OccupationalJustice. OTJR: Occupation, Participation and Health. First Published August 24. https://doi.org/10.1177/1539449216665561 Fisher,A. G. (2013). Occupation-centred, occupation-based, occupation-focused: same,same or different? Scandinavian Journal of Occupational Therapy , 20 (3),162-173. http://doi.org/10.3109/11038128.2012.754492 Fransen,H., Kantartzis, S., Pollard, N., & Viana-Moldes, I. (2013). Citizenship:exploring the contribution of Occupational Therapy. Recuperado a partir dehttp://www.enothe.eu/activities/meet/ac13/CITIZENSHIP_STATEMENT_ENGLISH.pdf Fransen, H., Pollard, N., Kantartzis, S., & Viana-Moldes, I. (2015). Participatory citizenship: Critical perspectives on client-centred occupational therapy. Scandinavian Journal of Occupational Therapy, 22(4), 260?266. https://doi.org/10.3109/11038128.2015.1020338 Galheigo,S. (2011a). Occupational therapy in the social field: concepts and criticalconsiderations. En F. Kronenberg, N. Pollard, & D. Sakellariou (Eds.), OccupationalTherapies without Borders - Volume 2: Towards an ecology of occupation-basedpractices (2.ª ed., pp. 47-56). Edinburgh: ChurchillLivingstone. Galheigo,S. (2011b). What needs to be done? Occupational therapy responsibilities andchallenges regarding human rights. Australian Occupational Therapy Journal , 58 (2), 60-66. http://doi.org/10.1111/j.1440-1630.2011.00922.x Kinébanian,A., & Stomph, M. (2009). Diversity matters: Guiding Principles on Diversityand Culture. World Federation of Occupational Therapists. Kronenberg,F., Fransen, H., & Pollard, N. (2005). The WFOT Position Paper onCommunity-based Rehabilitation: A Call upon the Profession to Engage withPeople Affected by Occupational Apartheid. World Federation of OccupationalTherapists Bulletin , 51 (1), 5-13.http://doi.org/10.1179/otb.2005.51.1.002 Kronenberg, F., & Pollard, N. (2007). Superar elapartheid ocupacional: exploración preliminar de la naturalezapolítica de laterapia ocupacional. En F. Kronenberg, S. Simó Algado, & N. Pollard (Eds.), Terapia ocupacional sin fronteras: aprendiendo del espíritu desupervivientes (pp. 58-84). Madrid: Editorial Médica Panamericana. Kronenberg, F., Simó Algado, S., & Pollard, N.(2006). Terapia ocupacional sin fronteras: aprendiendo del espíritu desupervivientes . Madrid: Editorial Médica Panamerican Larson,E., Wood, W., & Clark, F. (2005). Ciencia Ocupacional desarrollo de la ciencia y la práctica de la ocupación através de una disciplina académica[Occupational Science: science andprofessional development through an academicdiscipline]. En Willard& Spackman, terapia ocupacional (10ª ed, pp.15-26). Buenos Aires; Madrid: Médica Panamericana. Flick,U. (2004). Introducción ala investigación cualitativa. Madrid: Morata. Gómez Mengelberg E. Un recorrido históricodel concepto de salud y calidad de vida através de los documentos de la OMS.TOG (A Coruña) [revista en Internet]. 2009[acceso el 30 de abril del 2011];6(9): [10p.]. Disponible en:http://www.revistatog.com/num9/pdfs/original2.pdf Hocking,C.,Jones, M., & Reed, K. (2015). Occupational Science Informing OccupationalTherapy Interventions. En I. Söderback (Ed.), InternationalHandbookof Occupational Therapy Interventions (pp. 127-134).SpringerInternational Publishing. Recuperado a partir de http://link.springer.com/chapter/10.1007/978-3-319-08141-0_9 Huot, S., Cao, A., Kim, J., Shajari, M., & Zimonjic, T. (2018). The power of language: Exploring the relationship between linguistic capital and occupation for immigrants to Canada. Journal of Occupational Science, 0(0), 1?12. https://doi.org/10.1080/14427591.2018.1534136 Magalhães L., Farias L., Rivas-Quarneti N., AlvarezL.& Malfitano, AP.(2019) El desarrollo de la ciencia ocupacional fuera delámbito anglófono: Promoviendo la colaboración global, Journal of OccupationalScience, 26:2, iii-xv, DOI: 10.1080/14427591.2018.1551048 Molineux,M., & Whiteford, G. (2012). Occupational science: genesis,evolutionand future contribution. En E. A. S. Duncan (Ed.), Foundationsforpractice in occupational therapy (5ª ed.).Edinburgh: Elsevier. Rudman DL. (2018) Occupational therapy and occupational science: building critical and transformative alliances/Terapia ocupacional e ciência ocupacional: construindo alianças críticas e transformadoras. Cadernos Brasileiros de Terapia Ocupacional/Brazilian Journal of Occupational Therapy. V.26 n.1 Salvador R,Márquez R, Romero Zepeda H. Reflexiones sobre calidad de vida relacionada conla salud. Rev Med Inst Mex |

Seguro Soc 2010; 48 (1): 91-102. Whiteford G., Jones K., Rahal C.& Suleman A. (2018) El Marco de Justicia Ocupacional Participativa como herramienta de cambio: Descripción y contraste de tres casos, Journal of Occupational Science, 25:4, l-lxii, DOI: 10.1080/14427591.2018.1504610 YerxaEJ. Health and the human spirit for occupation. Am J OccupTher.1998;52(6):412-418. .

| Bibliografía complementaria | |
|---|---|

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| 1.- Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e<br>cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "V Plan de Acción do<br>Programa Green Campus FCS (2023-2025)", os traballos documentais que se<br>realicen nesta materia:<br><br>a.- Na súa maioría, solicitaranse en formato virtual e soporte<br>informático.<br><br>b.- De realizarse en papel:<br> Non se empregarán plásticos.<br> Realizaranse impresións a dobre cara.<br> Utilizarase papel reciclado.<br> Evitarase a impresión de borradores.<br><br><br>2.- Sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respetando as diversas opinións sobre aos temas tratados, tanto da parte do profesorado coma do estudanado.3.- Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.  |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**